

A CIDADE

Eu nacera no máis vello da cidade, nunha casa que daba á Praza Vella, onde se celebraba unha feira cada mes. A praza poboábase entón de labregos que mercaban zocas, peneiras, loras, sellas, paxes, patelas.

As rúas estaban enlousadas con grandes lousas. Aínda ficaban soportais nalgúns lugares. Había cine dous días á semana. As donas usaban corsé, e os señores rizaban os bigotes.

RICARDO CARVALHO CALERO

1.- En que parte da cidade naceu Ricardo?



2.- A que praza daba a súa casa? Arrodea.

Á do xardín á Praza Vella á Praza Nova



3.- Que se celebraba cada mes na Praza Vella?



4.- Que rizaban os homes?



5.- Que cousas se poden mercar nunha feira ou nun mercado?

